

Plan de
prevención do suicidio
en **GALICIA**



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde (Sergas)
Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2017
D.L.: C 2203-2017

Plan de prevención do suicidio en GALICIA

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde
Santiago de Compostela
2017

ÍNDICE

PARTE 1. INTRODUCCIÓN.....	5
1.1. Introducción	5
1.2. Obxectivos	5
1.3. Principios	6
1.4. Metodoloxía.....	6
1.5. Autoría e colaboradores	7
1.5.1. Grupo de traballo	7
1.5.2. Institucións participantes	8
1.6. Marco Planificador.....	8
1.6.1. Estratexia en saúde mental do SNS	8
1.6.2. Plan estratéxico de saúde mental Galicia 2006-2011	8
1.6.3. Revisión do Plan de prioridades sanitarias: 2014-2016	9
1.6.4. Estratexia Sergas 2014.....	9
1.6.5. Estratexia Sergas 2020.....	9
1.7. Marco normativo	9
1.8. Marco organizativo	10
PARTE 2. ASPECTOS XERAIS SOBRE A CONDUTA SUICIDA	13
2.1. Terminoloxía	13
2.2. Factores de risco	13
2.3. Factores protectores.....	14
2.4. Factores precipitantes	14
2.5. Sinais de alerta	15
2.6. Mitos e prexuízos.....	17
2.7. Estigma e tabú	17
2.8. Etioloxía da conduta suicida. Modelos explicativos.....	17
PARTE 3. ANÁLISE DE SITUACIÓN	19
3.1. Epidemioloxía	19
3.1.1. Mortalidade por suicidio no ámbito internacional	19
3.1.2. Mortalidade por suicidio en España	21
3.1.3. Mortalidade por suicidio en Galicia	28
3.1.4. Suicidios e crise económica en Galicia.....	31
3.2. Descrición dos programas de prevención.....	32
3.2.1. Organización das Nacións Unidas	32
3.2.2. Programas de prevención do suicidio da OMS	32
3.2.3. Programas internacionais de prevención do suicidio	32
3.2.4. Outros programas de prevención na Unión Europea	33
3.2.5. Programas de prevención do suicidio no Sistema Nacional de Saúde.....	33
3.3. Descrición da abordaxe actual da conduta suicida en Galicia	37
3.3.1. Estrutura de Xestión Integrada da Coruña	37
3.3.2. Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	38
3.3.3. Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e O Salnés.....	38
3.3.4. Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela	38
3.3.5. Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol	39
3.3.6. Estrutura de Xestión Integrada de Vigo.....	39
3.3.7. Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.....	39
3.3.8. Fundación Pública Urgencias Sanitarias 061.....	39
3.3.9. Prevención do suicidio no ámbito educativo.....	40
3.3.10. Prevención do suicidio no ámbito penal.....	41
3.3.11. Prevención do suicidio nos centros de menores	41
PARTE 4. LIÑAS ESTRATÉXICAS.....	42
4.1. Liñas e medidas.....	42
4.2. Indicadores	53
PARTE 5. AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN	57
REFERENCIAS.....	58

PARTE 1. INTRODUCCIÓN

1.1. Introducción

O Plan de prevención do suicidio en Galicia nace cun dobre obxectivo, o de reducir a taxa de suicidio e o de establecer medidas para diminuír o sufrimento das persoas que presentan un intento de suicidio e das súas familias. Este plan establece un compromiso claro do goberno galego en relación co problema do suicidio, a prol dunha resposta integral das institucións para a súa prevención. Con este plan quérese priorizar a prevención do suicidio na axenda da atención á saúde mental e concienciar acerca do suicidio como un problema global, e que vai máis alá da atención no ámbito sanitario, sendo necesario implementar outras medidas complementarias en ámbitos como o educativo e social.

O suicidio é un problema da sociedade no seu conxunto, de xeito que para que unha estratexia nunha poboación resulte eficaz é preciso unha resposta multisectorial e integral. No informe publicado pola Organización Mundial da Saúde “O suicidio, un imperativo global” determínase unha maior taxa de suicidio nos países de alto nivel económico, salientando a necesidade de ter en conta aspectos como as experiencias relacionadas con conflitos, desastres, violencia, abusos, perdas e sensación de illamento que están estreitamente ligadas a condutas suicidas. As taxas de suicidio tamén son elevadas entre os grupos vulnerables obxecto de discriminación. Diferentes factores psicolóxicos, sociais, e culturais poden interactuar para conducir a unha persoa a ter un comportamento suicida. Aínda que se ten avanzado no coñecemento acerca do comportamento suicida, non hai unha explicación única de porque unha persoa pode actuar deste xeito, pero existen medidas que podemos levar a cabo para modificar as consecuencias persoais e familiares do suicidio. A análise epidemiolóxica axuda a identificar tanto factores de risco como de protección fronte ao suicidio, o que é de utilidade para deseñar os plans de prevención, quedando os resultados descritos no documento. Loitar contra o estigma asociado a esta conduta é outro aspecto clave sobre o que incidir para fomentar que as persoas accedan ás canles de axuda.

Por cada suicidio cometido hai moitos máis intentos de suicidio polo que para unha prevención eficaz cómpre desenvolver estratexias indicadas dirixidas á poboación vulnerable mediante o apoio, a capacitación do persoal de saúde, educación e

servizos sociais e unha mellora na identificación dos trastornos mentais e de consumo de substancias. Neste documento expoñemos os diferentes programas e protocolos desenvolto na nosa comunidade servindo de punto de partida para o deseño dun proceso de atención integral que se desenvolverá durante o período de vixencia do plan. Este plan establece mecanismos de coordinación para posibilitar que diferentes organismos poidan sumar os seus esforzos para traballar conxuntamente na prevención, manexo, intervención e acompañamento das persoas que levan a cabo un intento de suicidio e dos seus familiares.

A Comisión Interdepartamental terá a facultade de realizar a avaliación dos resultados das medidas implementadas durante o seu desenvolvemento, actualizar o coñecemento e promover novas actuacións baixo criterios de eficiencia e efectividade.

O xeito de informar acerca deste fenómeno tanto nos medios de comunicación convencionais como nas redes sociais, pode incidir directamente sobre as taxas de suicidio nunha poboación ou grupo de risco determinado. Polo que este plan promove a difusión e coñecemento das medidas de axuda para a cidadanía como parte do tratamento que se lle dá a este problema.

1.2. Obxectivos

O obxectivo xeral do Plan de prevención do suicidio en Galicia é diminuír a incidencia e a prevalencia da conduta suicida.

Como obxectivos específicos destacan:

1. Aumentar a coordinación entre as institucións e os axentes implicados na prevención da conduta suicida.
2. Aumentar a sensibilización e a concienciación da sociedade sobre o suicidio como un problema de saúde.
3. Mellorar a atención que dende a organización sanitaria se lles presta tanto ás persoas que presentan conduta suicida como aos seus achegados.
4. Fomentar a investigación e o coñecemento respecto da conduta suicida en Galicia.

1.3. Principios

O Plan de prevención do suicidio de Galicia asume os seguintes principios:

ACCESIBILIDADE. O Plan de prevención do suicidio en Galicia pretende facer máis accesibles os servizos públicos ás persoas en risco suicida e os seus achegados. Ao abeiro do plan estableceranse procesos específicos con fluxos determinados polas necesidades individuais, e un seguimento proactivo das persoas afectadas a fin de garantir unha continuidade asistencial durante o proceso.

CONTINUIDADE. Os servizos que conforman a rede de atención do suicidio deben estar organizados para proporcionar tratamento, rehabilitación, coidados e apoio a pacientes e familiares, ininterrompidamente ao longo da vida, e garantir ademais unha atención coherente e continuada entre os servizos que a compoñen, especialmente nos sistemas sanitario, social e educativo.

AUTONOMÍA PERSOAL. Os profesionais implicados na atención ao suicidio traballarán polo empoderamento dos pacientes e dos seus achegados, promovendo a autosuficiencia e o desenvolvemento das súas capacidades.

AUTONOMÍA PROFESIONAL. Para dar unha resposta homoxénea a toda a poboación galega, promoverase durante o desenvolvemento deste plan o deseño de protocolos de actuación que orientarán os profesionais na toma de decisións, podéndose adaptar estes ás necesidades específicas de cada servizo ou área de saúde.

EFICIENCIA. O plan busca darlles resposta ás necesidades das persoas con conduta suicida e das súas familias utilizando os recursos profesionais, técnicos e materiais existentes na mellor combinación de eficacia e sustentabilidade do sistema, fundamentalmente a través dunha mellor organización e coordinación.

LONGO PRAZO. O Plan de prevención do suicidio en Galicia concíbese como unha estratexia permanente e revisable, que permita unha continuidade a longo prazo das súas accións.

EVIDENCIA CIENTÍFICA. O plan e as accións que del se desprendan deben basearse na evidencia científica dispoñible en cada momento.

COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL.

O presente plan compromete a todas as institucións públicas implicadas na abordaxe da conduta de suicidio, e crea instrumentos de coordinación entre elas que melloren a súa prevención.

CORRESPONSABILIZACIÓN. A prevención do suicidio é unha responsabilidade compartida de toda a comunidade, familias e amigos, profesionais e institucións. Implica unha corresponsabilización global, individual e social, que tamén queda reflectida neste plan.

1.4. Metodoloxía

O plan realizouse mediante un proceso interactivo no que se combinan diferentes estratexias metodolóxicas, realizándose unha análise da situación actual, da evidencia científica de diferentes actuacións preventivas e terapéuticas, e posta en común co grupo de expertos para chegar a un consenso sobre as actuacións que se desenvolverán para acadar os obxectivos propostos.

Na elaboración seguíronse as seguintes fases:

Fase 1. Análise da situación

Realizouse a través de reunións, entrevistas e intercambio de información entre os expertos implicados.

Actividades:

- Identificación do marco normativo e planificador.
- Análise de recursos e forma de abordaxe actual da conduta suicida.
- Análise da morbimortalidade da conduta suicida en Galicia.

Fase 2. Redacción do borrador do plan

O borrador realizouse mediante a integración das perspectivas dos principais axentes implicados.

Actividades:

- Identificación, análise e desenvolvemento de liñas e obxectivos estratéxicos, actuacións e indicadores.
- Revisión interna e externa do documento.
- Incorporación de propostas, redacción e elaboración do documento final.

Fase 3. Difusión e posta en marcha do plan

Unha vez aprobado e publicado o plan de prevención procederase á súa implantación. Actividades:

- Presentación do plan.
- Difusión/diseñación.
- Posta en marcha do Plan de prevención do suicidio en Galicia.

Fase 4. Seguimento e avaliación

Para o seguimento e avaliación do Plan de prevención do suicidio en Galicia prevese a creación da Comisión interdepartamental de coordinación para a prevención e atención das condutas suicidas.

1.5. Autoría e colaboradores

1.5.1. Grupo de traballo

Coordinadores

Alfonso Alonso Fachado
Subdirector Xeral de Planificación e Programación Asistencial. SERGAS.

María Tajés Alonso
Xefa de Servizo Saúde Mental e Asistencia a Drogodependencias. SERGAS.

Luisa Peleteiro Pensado
Técnica. Servizo Saúde Mental e Asistencia a Drogodependencias. SERGAS.

Participantes

Antonio Hernández Fernández
Director de FEAFES Galicia.

Benito López de Abajo
Xefe de Servizo de Clínica Médico Forense. IMELGA.

Carmen Fernández Garrido
Xefa de Servizo de Xustiza Penal Xuvenil.
Consellería Política Social.

Delia Guitán Rodríguez
Psicóloga clínica. EOXI Lugo.

Eva Fontela Vivanco
Psiquiatra. EOXI Ferrol.

Elena de las Heras Liñero
Psiquiatra. EOXI Vigo.

José Luis Buceta Hazas
Enfermeiro. EOXI Pontevedra.

Juan José Augusto Sánchez Castro
Xefe de Servizo C.S Estrada. EOXI Santiago.

Manuel Armas Castro
Coordinador do EOE de A Coruña. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Manuel Arrojo Romero
Psiquiatra. EOXI Santiago.

Manuel Bernández Otero
Director de Coordinación. Fundación 061.

Manuel Serrano Vázquez
Xefe de Servizo de Psiquiatría. EOXI A Coruña.

María Álvarez Ariza
Psiquiatra. EOXI Vigo.

María Caamaño Martínez
Médica. Fundación 061.

Marina Pérez Tenreiro
Xefa do Servizo de Xestión Sociosanitaria. SERGAS.

Mario Páramo Fernández
Xefe do Servizo de Psiquiatría. EOXI Santiago.

Miriam Rodríguez Sierra
Traballadora Social. EOXI A Coruña.

Rosendo Bugarín González
Responsable de Avalia-T.

Santiago Parada Nieto
Psiquiatra. EOXI Pontevedra. SERGAS.

Teresa Reija Ruíz
Psicóloga clínica. EOXI Ourense.

Teresa Gutiérrez Manjón
Técnica. Consellería Política Social.

Xaime Leiro Darriba
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Yolanda Triñanes Pego
Técnica de Avalia-T.

Asesoría Técnica

Fundación Salud Mental España para la prevención de los trastornos mentales y el suicidio.

Documentación

Beatriz Casal Acción
Documentalista de Avalia-T.

Revisores e colaboradores externos

Álvaro Carrera García y Ana Sáez Ribao
Asociación Galega de Enfermaría Familiar y Comunitaria.
(AGEFEC).

Diego J. Palao Vidal. Director ejecutivo de salud mental
Parc Taulí. Universitat Autònoma de Barcelona.

Evelyn Huizing
Asesora técnica del Programa de Salud Mental. Servicio
Andaluz de Salud.

Francisco Javier Castro Molina
Asociación Española de Enfermería de Salud Mental
(AEESME).

José Ramón Silveira Rodríguez
Presidente de la Asociación Gallega de Psiquiatría. (AGP).

Julio Bobes García
Catedrático de Psiquiatría de la Universidad de Oviedo.

Plácido Mayán Conesa
Sociedad Española de Medicina de Urgencias y
Emergencias (SEMES)

Ramón Area Carracedo
Presidente de la Asociación Galega de Saúde Mental
(AGSM-AEN).

1.5.2. Institucións participantes

Institucións pertencentes a membros do grupo de
traballo, os revisores e colaboradores externos
están incluídos.

Xunta de Galicia

- Consellería de Sanidade.
- Servizo Galego de Saúde. Sergas.
- Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Unidade de Asesoramento Científico-Técnico (Avalia-T). Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS).
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Consellería de Política Social.

Outros organismos dependentes de la Xunta de Galicia:

- Instituto de Medicina Legal de Galicia Imelga.

Sociedades científicas

- Psiquiatría y Salud Mental: AGP, AGSM-AEN, AEESME.
- Atención Primaria: AGEFEC.
- Emerxencias: SEMES.

Outras sociedades científicas sanitarias

- Universidade de Oviedo.
- Universidade Autónoma de Barcelona.

Asociacións de familiares y persoas con enfermidade mental

- FEAFES.

1.6. Marco planificador

1.6.1. Estratexia en saúde mental do SNS

En España a prevención do suicidio contéplase como un dos obxectivos principais da Estratexia en Saúde Mental do Sistema Nacional de Saúde (ESM-SNS)¹ aprobada polo Consello Interterritorial do 11 de decembro de 2006 e da súa posterior actualización realizada polo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade (MSPSI) para o período 2009-2013².

Concretamente, a estratexia avoga pola realización e avaliación de accións específicas para diminuír as taxas de suicidio en grupos de risco. Entre as súas recomendacións insta o “desenvolvemento de intervencións preventivas en cada un dos seguintes ámbitos: centros docentes, institucións penais y residencias de persoas maiores”.

1.6.2. Plan estratéxico de saúde mental Galicia 2006-2011

O Plan estratéxico de saúde mental Galicia, desenvolvido no período 2006-2011³ contempla, en relación co suicidio e coas ideas suicidas, a importancia do desenvolvemento de programas preventivo-asistenciais dirixidos tanto á prevención e promoción en saúde mental, como á detección e intervención precoz.

Neste mesmo sentido, resáltase a importancia do uso de ferramentas de xestión clínica que contribúan a diminuír a variabilidade non xustificada das prácticas clínicas e asistenciais, e principalmente as referidas aos pacientes que presentan crises psiquiátricas ou psicosociais e que requiren de intervención urxente, intensiva e de curta duración en ámbitos hospitalarios.

Tamén se inclúen programas especiais de intervención en crise e urxencias comunitarias, onde destaca o Programa Acougo (en colaboración

co la Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061) que inclúe actuacións para o traslado e internamento urxente e involuntario e guías de actuación para pacientes con ideación suicida.

1.6.3. Revisión do Plan de prioridades sanitarias: 2014-2016

En 2014, a Xunta de Galicia realizou a revisión do Plan de prioridades sanitarias 2011-2014 e elaborou o Plan de prioridades sanitarias 2014-2016⁴, que contempla, entre as súas oito prioridades sanitarias, a depresión e os trastornos afectivos. Como obxectivos e accións principais para estas enfermidades considera a importancia de: “prever as complicacións mediante o desenvolvemento de programas de prevención do suicidio”.

1.6.4. Estratexia Sergas 2014

O Servizo Galego de Saúde, na súa Estratexia 2014, inclúe como un dos obxectivos das súas liñas estratéxicas a prestación dunha “atención integral dirixida a colectivos específicos que necesitan atención diferenciada (anciáns, nenos, mulleres e saúde mental)”⁵. Neste sentido, apunta como elementos clave en saúde mental as seguintes:

- Darlle prioridade á patoloxía mental de maior gravidade, á máis prevalente e aos grupos de maior risco.
- Desenvolvemento de programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces.
- Potenciar a investigación en saúde mental.
- Incorporar na atención integral do Sergas a atención ao paciente con trastorno mental e tratar de evitar o estigma social que supón esta enfermidade.

1.6.5. Estratexia Sergas 2020

A Estratexia de 2020 nace coa misión de mellorar a saúde dos cidadáns a través da prestación de servizos de atención de saúde eficaces, eficientes e de calidade equitativa e sustentable para garantir os dereitos e obrigas dos pacientes⁶. Dos 20 obxectivos estratéxicos, en relación con medidas específicas en saúde mental, esta estratexia pretende definir os grupos de pacientes con necesidades similares e adaptar os diferentes servizos ás súas necesidades. Inclúe:

- Elaborar o Plan estratéxico de saúde mental 2017-2020.
- Desenvolver e implantar un procedemento de atención integral para mellorar a atención en pacientes con

depresión.

- Mellorar a atención ás complicacións agudas do padecemento dun trastorno mental na idade infanto-xuvenil.
- Crear un protocolo para diminución do dano psicolóxico en catástrofes.

1.7. Marco normativo

En decembro de 1978 a [Constitución española](#), no seu artigo 43, recoñece a todos os cidadáns o dereito á protección da saúde e responsabiliza os poderes públicos de organizar e tutelar a saúde pública, a través de medidas preventivas das prestacións e servizos necesarios.

A [Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade](#), no seu artigo 6, afirma que as actuacións das administracións públicas sanitarias estarán orientadas á promoción da saúde, a garantir que as accións sanitarias se desenvolvan e estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación destas, a garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde e a promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.

Concretamente, en relación coa saúde mental, no seu [artigo 20](#), sinala que a atención aos problemas de saúde mental da poboación se realizará no ámbito comunitario, e potenciará os recursos asistenciais no ámbito ambulatorio e os sistemas de hospitalización parcial e atención a domicilio, que reduzan ao máximo posible a necesidade de hospitalización.

A [Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde \(SNS\)](#), no artigo 7.1, establece que o catálogo de prestacións do Sistema Nacional de Saúde ten por obxecto garantir as condicións básicas e comúns para unha atención integral, continuada e no nivel adecuado de atención. Considéranse prestacións de atención sanitaria do SNS, os servizos ou conxunto de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, de rehabilitación e de promoción e mantemento da saúde dirixida aos cidadáns.

O [artigo 14](#) desta lei define a prestación sociosanitaria “como o conxunto de coidados destinados aos enfermos, xeralmente crónicos, que polas súas especiais características e/ou situación poden beneficiarse da actuación simultánea e sinérxica dos servizos sanitarios e sociais para aumentar a súa autonomía, paliar as súas

limitacións e/ou sufrimentos e facilitar a súa reinserción social”.

A [Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública](#), ten como obxecto dar unha resposta completa e actual ao requirimento contido no [artigo 43](#) da Constitución española e, en consecuencia, tratar de alcanzar o máximo de saúde posible da poboación. A lei establece as bases legais que sustentan as accións de coordinación e cooperación das administracións públicas en materia de saúde pública e reflicte nos tres capítulos do título I, os dereitos e deberes dos cidadáns e as obrigas das administracións públicas en saúde pública.

En 2006, establécese a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización formulados no [Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro](#), que tamén detalla as prestacións sanitarias en saúde mental tanto no ámbito de atención primaria como hospitalaria.

No ámbito autonómico, o [Decreto 389/1994, do 15 de decembro](#), regula a saúde mental en Galicia. Este decreto ten por obxecto establecer na comunidade as directrices xerais de actuación en materia de saúde mental e asistencia psiquiátrica, a regulación dos dispositivos destinados á promoción e protección da saúde mental, a prevención da enfermidade mental e a asistencia, rehabilitación e integración dos enfermos mentais. Entre as súas directrices xerais subliña que os programas preventivos, asistenciais e rehabilitadores deben ser garantidos a través da continuidade terapéutica. Ademais, formula que todas as accións e os programas de saúde mental sexan avaliados adecuadamente para adaptarse ás necesidades reais da poboación.

A [Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia](#) no seu [artigo 14.2](#) sinala que: “as persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as enfermas que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou

programas sanitarios específicos e preferentes, os cales se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia”.

1.8. Marco organizativo

O Plan de prevención do suicidio en Galicia propón un modelo integral de atención que permita:

- Integrar e homoxeneizar as mellores prácticas e intervencións baseadas na evidencia científica xa existentes na nosa comunidade.
- Establecer itinerarios asistenciais flexibles que permitan homoxeneizar a asistencia pero tamén adaptala ás circunstancias individuais.
- Formular indicadores que permitan avaliar as accións levadas a cabo na prevención e asistencia á conduta suicida, que permitan modificacións dos programas asistenciais en función dos resultados obtidos.
- Asegurar que as actuacións dos diferentes axentes implicados están coordinadas e utilizan a mesma linguaxe.

As seguintes ilustracións, mostran e ordenan os principais axentes involucrados no plan de prevención.

A ilustración 1 representa o modelo de coordinación interinstitucional para a prevención, mostrando aos axentes involucrados no proceso de atención á persoa con conduta suicida.

A ilustración 2 ilustra o modelo de prevención da conduta suicida especificando para cada nivel de prevención o grupo de profesionais implicados. Desta forma:

- Na prevención primaria: inclúense os sectores de educación, servizos sociais e medios de comunicación.
- Na prevención secundaria: intervirá educación, servizos sociais, farmacia comunitaria.
- E na prevención terciaria: uniranse a educación e os servizos sociais os bombeiros, as forzas de seguridade e a xustiza, exercendo os servizos sanitarios de coordinadores da atención na prevención secundaria e terciaria.

Ilustración 1. Modelo de coordinación interinstitucional para a prevención do suicidio en Galicia.

MODELO DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL PARA A PREVENCIÓN DO SUICIDIO EN GALICIA





Ilustración 2. Modelo de prevención da conduta suicida en Galicia.



PARTE 2. ASPECTOS XERAIS SOBRE A CONDUTA SUICIDA

2.1. Terminoloxía

A nomenclatura sobre a conduta suicida é complexa e abarca diferentes termos que van desde as ideas de morte ata o propio suicidio, pasando por situacións intermedias como a planificación suicida ou o intento suicida. Aínda que existen propostas dalgúns autores máis ou menos aceptadas como a de Silverman^{7,8} realmente non existe un consenso universal que unifique a nomenclatura sobre conduta suicida. Unha das maiores controversias xiran ao redor da intencionalidade ou non dalgúns dos actos autolíticos. Aínda que en moitos casos se opta por excluír da conduta suicida as lesións autoinflixidas

sen intencionalidade suicida, a Organización Mundial da Saúde (OMS)⁹ opta polo contrario, e inclúe na definición “intento de suicidio”, a “lesión autoinflixida non mortal sen intención suicida”, xa que a intención suicida pode ser difícil de avaliar porque pode estar rodeada de ambivalencia.

Este plan concibe dentro da conduta suicida todo o espectro de ideas e actos relacionados co dano autoinflixido, independentemente da súa intencionalidade e consecuencias. Isto é, na súa interpretación máis ampla (táboa 1).

Táboa 1. Nomenclatura da conduta suicida.

Termo	Definición
Suicidio	Morte autoinflixida con evidencia implícita ou explícita de que a persoa tiña intencionalidade de autoprovocarse a morte.
Intento de suicidio	Conduta potencialmente lesiva autoinflixida e sen resultado fatal, para a que existe evidencia, implícita ou explícita, de intencionalidade de provocarse a morte.
Xesto suicida/autolesión	Conduta potencialmente lesiva autoinflixida para a que existe evidencia, implícita ou explícita, de que a persoa non ten intención de matarse.
Plan suicida	É a proposta dun método co que levar a cabo unha conduta suicida potencial.
Ameaza suicida	Acto interpersoal, verbal ou non verbal, que podería predicir unha posible conduta suicida no futuro próximo.
Ideas suicidas	Pensamentos sobre o suicidio (cognicións).

Fonte: Modificado de Grupo de Trabajo Guía de Práctica Clínica de Prevención y Tratamiento de la Conducta Suicida, 2012¹⁰. Baseado en Silverman, 2007^{7,8}.

2.2. Factores de risco

Algúns factores de risco teñen un maior peso específico que outros, pero o que está claro é que a maior número de factores de risco presentes máis risco acumula a persoa¹¹. Estes factores poden ser internos ou externos; individuais ou sociais; modificables na práctica clínica ou non modificables; proximais (conxuntural) ou distais (ao longo da vida).

Entre os factores de risco individuais considéranse principalmente os intentos de suicidio previos e os trastornos mentais. Así os intentos previos son o predictor máis forte de risco suicida, sendo entre 20 e 30 veces maior durante o primeiro ano despois do intento¹⁰.

Respecto dos trastornos mentais:

- Están presentes en aproximadamente o 90% das persoas que se suicidan e contribúen nun 47-74% ao risco de suicidio da poboación.
- Os trastornos afectivos, seguidos dos trastornos por consumo de substancias (especialmente o alcohol) e a esquizofrenia, son os trastornos máis relacionados con esta conduta, e a comorbilidade incrementa considerablemente o risco de suicidio¹².
- A depresión maior é o trastorno mental máis comunmente asociado coa conduta suicida, supoñendo un risco de suicidio 20 veces maior respecto da poboación xeral.
- Entre un 25-50% dos pacientes con trastorno bipolar realizan un intento de suicidio.
- En pacientes con esquizofrenia, o risco de suicidio é 30-40 veces maior que para a poboación xeral e estímase que entre o 25-50% delas farán un intento de suicidio ao longo da súa vida.

- Unha de cada catro mulleres con trastornos da conduta alimentaria presentan antecedentes de ideación ou conduta suicidas.
- O risco de suicidio é seis veces maior nas persoas con abuso de alcohol que na poboación xeral.
- O risco de suicidio para as persoas con trastornos de personalidade límite é un 4-8% superior ao da poboación xeral.

Os factores vinculados á comunidade inclúen as guerras e os desastres, a discriminación, o illamento, a violencia, etc. Entre os factores de risco asociados co sistema de saúde, destacan as dificultades para obter acceso e asistencia adecuada¹³.

A táboa 2 inclúe algúns dos posibles factores que se recomenda considerar.

Táboa 2. Factores de risco.

INDIVIDUAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Intentos de suicidio previos: son o predictor máis importante. • Depresión maior: supón un risco de suicidio 20 veces maior á poboación xeral. • Abuso de alcohol e outras substancias. • Outros trastornos mentais: esquizofrenia, trastorno bipolar, trastorno límite de personalidade. • Factores psicolóxicos: desesperanza e rixidez cognitiva. • Idade: adolescencia e idade avanzada. • Sexo: os homes presentan maiores taxas de suicidio consumado e as mulleres maior número de intentos de suicidio. • Presenza de enfermidade crónica ou discapacitante.
FAMILIARES E CONTEXUAIS	<ul style="list-style-type: none"> • Historia familiar de suicidio. • Factores sociais e ambientais: falta de apoio social, nivel socioeconómico e situación laboral. • Historia de malos tratos físicos ou abuso sexual.

Fonte: Modificado de Grupo de Trabajo Guía de Práctica Clínica de Prevención y Tratamiento de la Conducta Suicida, 2012¹⁰.

2.3. Factores protectores

Os factores protectores poden ser factores propios dunha persoa (internos) ou relacionados coa contorna (externos). Entre os factores internos inclúense as habilidades sociais, a capacidade de resolución de problemas, o autocontrol da impulsividade, a alta autoestima, as estratexias de afrontamento adecuadas e a capacidade de resiliencia (capacidade de adaptación fronte a

situacións adversas)¹⁴. Tamén se consideran importantes os valores e normas, como o valor da propia vida, a esperanza e o optimismo¹⁵. Entre os factores externos destacan a accesibilidade aos dispositivos de saúde, a existencia dunha rede social e familiar apropiada, a participación social e a restrición a métodos letais de suicidio¹⁶ (táboa 3).

Táboa 3. Factores protectores.

Internos ou persoais	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades na resolución de conflitos ou problemas. • Confianza nun mesmo. • Habilidade para as relacións sociais e interpersoais. • Capacidade de adaptación fronte a situacións adversas
Externos ou sociais	<ul style="list-style-type: none"> • Apoio familiar e social, non só a existencia do apoio senón a súa forza e calidade. • Integración social. • Posuír crenzas e prácticas relixiosas, espirituais ou valores positivos. • Accesibilidade aos dispositivos de saúde.

Fonte: Modificado de Grupo de Trabajo Guía de Práctica Clínica de Prevención y Tratamiento de la Conducta Suicida, 2012¹⁰.

2.4. Factores precipitantes

Existen unha serie de eventos ou situacións que poden provocar unha tensión intensa nun determinado momento dunha persoa e precipitar un acto suicida. Algúns son comúns aos distintos grupos de idade e outros son máis frecuentes nunhas etapas da vida que noutras¹⁷.

Na adolescencia as malas relacións familiares e os conflitos co grupo de iguais poden ser un factor precipitante comúns¹⁸.

Nas persoas adultas adoitan estar relacionados coa perda do benestar económico e social¹⁹, e nas persoas maiores principalmente adoitan asociarse á soidade e aos cambios negativos no estado físico

e de saúde²⁰. A táboa 4 inclúe algúns destes factores precipitantes segundo a etapa vital.

Táboa 4. Factores precipitantes frecuentes segundo a etapa vital.

Comúns en todas as idades	<ul style="list-style-type: none"> • Diagnóstico recente dunha enfermidade grave, tanto na persoa como na contorna, ou exacerbación ou agravamento dun problema previamente diagnosticado. • Síndromes dolorosos non controlados. • Desastres naturais. • Perda de seres queridos (incluídos animais de compañía). • Existencia de contorno suicida (por exemplo: suicidio próximo recente). • Experiencias e vivencias traumáticas: agresións e malos tratos, acosos e humillacións, abusos sexuais etc. • Aumento ou consumo de tóxicos. • Estado de embriaguez ou intoxicación. • Imputacións ou condenas xudiciais. • Disputas e conflitos con familiares ou persoas próximas. • Embarazo non desexado ou aborto. • Cambios vitais bruscos non desexados. • Alta por hospitalización psiquiátrica (primeira semana).
Adolescencia	<ul style="list-style-type: none"> • Descubrimento ou non aceptación (propia ou allea) da homosexualidade. • Fracaso escolar. • <i>Bullying</i>, acoso, humillacións, malos tratos. • Abuso sexual, violacións. • Separación ou perda de amigos ou compañeiros. • Cambios habituais de residencia e de contorno social. • Desengano amoroso. • Morte dun ser querido. • Problemas disciplinarios escolares, presión escolar, períodos de exames. • Contorno suicida, contorno para cometer suicidio. • Embarazo prematuro. • Separación dos pais ou graves conflitos conxugais, con instrumentalización do fillo.
Adultos	<ul style="list-style-type: none"> • Fracaso profesional. • Perda de emprego (primeiro ano) ou dificultades económicas. • Perda de status ou prestixio social. • Ruptura conxugal, desengano amoroso. • Xubilación.
Vellez	<ul style="list-style-type: none"> • Empeoramento de enfermidades, aumento da dor, fracaso, desafiuzamento, ou fastío terapéutico, aumento da dependencia. Perda de funcións físicas ou psicolóxicas básicas. • Institucionalización. • Malos tratos. • Cambio periódico de domicilio. • Viuvez (primeiro ano). • Perda de interese pola vida, debut depresivo. • Perda da fe.

Fonte: Anseán A, 2014¹⁷.

2.5. Sinais de alerta

Moitas persoas con ideación suicida poden evidenciar unha serie de signos e síntomas (sinais de alerta), cuxa identificación pode axudar na detección dun posible risco suicida. Estes sinais poden ser verbais e/ou non verbais (a través do seu comportamento)²¹. Os sinais de alerta máis frecuentemente identificados inclúen pensamentos de suicidio ou autolesións, obsesións coa morte, cambios repentinos nos patróns de personalidade e comportamento, cambios na

alimentación ou o sono, sentimentos de culpa e diminución do rendemento académico ou no traballo²².

A existencia destas non leva necesariamente risco suicida, pero son de utilidade como indicios naqueles casos nos que a súa presentación é inusual ou numerosa¹⁷.

Tamén hai que ter en conta que a non presenza destes sinais non implica que non exista risco ou non poida presentarse a conduta suicida.

A táboa 5 resume algúns sinais de alerta máis frecuentes que deben ser considerados.

Táboa 5. Sinais de alerta.

Verbais	<p>Sobre si mesma:</p> <ul style="list-style-type: none"> • De culpabilidade. • De odio cara a si mesmo. • De vergoña. • De impotencia. • De inutilidade. • Medo a 'perder a cabeza'. • Temor a danar a outros. <p>Exemplos: <i>"Non vallo para nada", "Esta vida é un noxo", "A miña vida non ten sentido", "Estariades mellor sen min", "Son unha carga para todo o mundo", "Toda a miña vida foi inútil", "Estou cansado de loitar".</i></p> <hr/> <p>Sobre o seu futuro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • De cansazo vital. • De insatisfacción, frustración ou fracaso. • De dor. • De infelicidade. • De sufrimento. • De anhedonia. • De desinterese. • De soidade. • De malestar. • De desesperanza. - De desesperación. <p>Exemplos: <i>"O meu non ten solución", "Quero terminar con todo", "As cousas non van mellorar nunca".</i></p> <hr/> <p>Sobre a súa morte ou suicidio:</p> <ul style="list-style-type: none"> • De fuxida. • De liberación. • De ter as ideas claras. • De ter a forma para resolvelo todo. • De deixar de sufrir. • De agradecemento. • De despedida. <p>Exemplos: <i>"Gustaríame desaparecer", "Quero descansar", "Non desexo seguir vivindo", "Pregúntome como sería a vida se estivese morto", "Quero quitarme a vida, pero non sei como", "Ninguén me quere e é preferible morrer", "Non merece a pena seguir vivindo", "Despois de pensar moito xa sei como quitarme do medio", "Quero que saibas que en todo este tempo me axudaches moito", "non quero ser unha carga", "as voces din que me mate".</i></p>
Non verbais	<ul style="list-style-type: none"> • Cambios de humor. Estes cambios poden presentarse como: <ul style="list-style-type: none"> - aparición de irascibilidade e comportamento desafiante, temerario ou agresivo, - aparición de alegría repentina e inustificada, ou - actitude de calma e tranquilidade inusual. • Cambios de horarios nos seus hábitos e forma de vida. • Illamento social e familiar. • Anhedonia, desinterese xeneralizado. • Consumo repentino de tóxicos ou alcol ou aumento da frecuencia ou cantidade habitual. • Acciones temerarias, asunción de riscos innecesarios. • Infracción de normas ou leis. • Discusións e pelexas. • Indiferenza a eloxios e reforzos. • Autocrítica, autohumillación. • Agasallo de pertenzas, obxectos apreciados ou valiosos. • Cesión de mascotas. • Redacción de testamento. • Visitas inesperadas a familiares ou persoas próximas. • Acumulación de fármacos. • Sospeitas de autolesións leves (por exemplo: laceracións). • Compra de armas. • Perda de sono, ou durmir moito. • Despreocupación pola hixiene ou imaxe persoal. • Posta en orde de cousas ou xestiós. • Desinterese cara ao seu traballo, os seus achegados ou as súas afeccións. • Falta de concentración na escola ou o traballo. • Gasto de diñeiro inustificado ou desproporcionado. • Falta de apetito sexual. • Redacción de notas de despedida. • Elaboración de plans suicidas. • Agravamento de síntomas de trastornos mentais que poida sufrir.

Fonte: Anseán A, 2014¹⁷.

2.6. Mitos e prexuízos

O suicidio segue envolvido en mitos ou concepcións erróneas sen veracidade científica baseados en crenzas e xuízos de valor equivocados. Estes mitos son ás veces referenciados nos medios de comunicación, podendo isto provocar prexuízos ante a conduta suicida.

Na táboa 6 preséntanse algúns dos mitos máis estendidos sobre o suicidio e que foron recollidos pola OMS⁹, así como os feitos que os desmenten.

Táboa 6. Mitos da conduta suicida.

Mito	Realidade
“Quen fala de suicidio non ten a intención de cometelo”.	<ul style="list-style-type: none"> “Quen fala de suicidio pode estar a pedir así axuda ou apoio. Un número significativo de persoas que contemplan o suicidio presentan ansiedade, depresión e desesperanza e poden considerar que carecen doutra opción”.
“A maioría dos suicidios suceden repentinamente, sen advertencia previa”.	<ul style="list-style-type: none"> “Desde logo, algúns suicidios cométese sen advertencia previa. Pero a maioría dos suicidios foron precedidos de signos de advertencia verbal ou de conduta. Por iso é importante coñecer os signos de advertencia e telos presentes”.
“O suicida está decidido a morrer”.	<ul style="list-style-type: none"> “Pola contra, os suicidas adoitan ser ambivalentes acerca da vida ou a morte. O acceso ao apoio emocional no momento propicio pode previr o suicidio”.
“Quen foi suicida algunha vez, nunca deixará de selo”.	<ul style="list-style-type: none"> “O maior risco de suicidio adoita ser de curto prazo e específico segundo a situación. Aínda que os pensamentos suicidas poden regresar, non son permanentes, e quen tivese pensamentos e intentos suicidas pode levar despois unha longa vida”.
“Só as persoas con trastornos mentais son suicidas”.	<ul style="list-style-type: none"> “O comportamento suicida indica unha infelicidade profunda, pero non necesariamente un trastorno mental. Moitas persoas que viven con trastornos mentais non son afectadas polo comportamento suicida, e non todas as persoas que se quitan a vida teñen un trastorno mental”.
“Falar do suicidio é unha mala idea e pode interpretarse como estímulo”.	<ul style="list-style-type: none"> “Dado o estigma xeneralizado ao redor do suicidio, a maioría das persoas que contemplan o suicidio non saben con quen falar. En lugar de fomentar o comportamento suicida, falar abertamente pode darlle a unha persoa outras opcións ou tempo para reflexionar sobre a súa decisión, e previr así o suicidio”.

Fonte: Organización Mundial de la Salud, 2014⁹.

2.7. Estigma e tabú

A Organización Mundial da Saúde destaca que o estigma, particularmente ao redor dos trastornos mentais e o suicidio, disuade de buscar axuda a moitas persoas que pensan en quitarse a vida ou trataron de facelo e, polo tanto, non reciben a axuda que necesitan. A prevención do suicidio non se abordou apropiadamente debido á falta de

sensibilización respecto do suicidio como problema de saúde pública principal e o tabú existente en moitas sociedades para examinalo abertamente. É importante aumentar a sensibilidade da comunidade e superar o tabú para avanzar na prevención do suicidio.

2.8. Etioloxía da conduta suicida. Modelos explicativos

A conduta suicida é complexa e inclúe un gran número de factores de risco que poden ser desencadeamentos. Estes factores poden ser integrados en modelos explicativos para axudar a comprender e facilitar a avaliación do risco de suicidio^{10,23}.

O modelo de diátese-estrés elaborado por Mann²⁴ é o máis comunmente utilizado para entender o risco de conduta suicida. Consta de dous compoñentes: a) o compoñente de diátese (predisposición xenética, abusos, agresión e/ou impulsividade, pesimismo, desesperanza, incapacidade de resolver problemas ou rixidez


cognitiva)²⁵ e b) o compoñente de tensión (crises psicosociais e trastornos psiquiátricos)²⁶. A combinación de ambos os compoñentes é máis importante para determinar o risco de conduta suicida que a mera acumulación de factores de risco (ilustración 3).

A predisposición xenética, as alteracións neuroanatómicas, fisiolóxicas e xenómicas²⁷, a serotonina e outros neurotransmisores, parecen correlacionarse con compoñentes da diátese; evidenciados nos cambios estruturais e funcionais no cerebro dos individuos con antecedentes de conduta suicida²⁸.

Recentes estudos suxiren que a diátese do comportamento suicida é continua. O suicidio frecuentemente é precedido de intentos suicidas

non fatais, que adoitan repetirse cun crecente grao na letalidade do método e a gravidade médica²⁹. Cada vez que a conduta suicida se activa, faise máis accesible na memoria e require menos estímulos desencadeantes para que se active a próxima vez³⁰. No compoñente estresor, é difícil separar as crises psicosociais dos trastornos psiquiátricos, estes últimos poden xerar a perda de emprego ou o fracaso para establecer relacións sociais. Xuntas poden combinarse para aumentar a presión sobre unha persoa. A exposición repetida aos factores de tensións pode diminuír gradualmente a capacidade de resiliencia, polo que factores estresores de gravidade relativamente menor poden conducir ao aumento da intención suicida.

Ilustración 3. Modelo Explicativo dos Risco Suicida.



Fonte: Modificado de Mann, 2005³¹.

PARTE 3. ANÁLISE DE SITUACIÓN

3.1. Epidemioloxía

3.1.1. Mortalidade por suicidio no ámbito internacional


La OMS recoñece a prevención do suicidio como unha prioridade de saúde pública. No ano 2012 o suicidio representou o 1,4% do total de defuncións mundial e situouse entre as quince primeiras causas de morte no mundo⁹.

Nos últimos 60 anos, o número de suicidios aumentou un 50% e estímase que en 2020 se supere o millón e medio de mortes. Con todo, os diferentes procedementos de rexistro, así como os valores sociais e as prácticas culturais de cada país probablemente teñen efecto no rexistro de defuncións e poden conducir a erros na cuantificación do suicidio¹⁰.

Existen diferenzas segundo o xénero, a taxa dos homes no ámbito mundial case duplica a das mulleres (15 comparado con 8 para as mulleres por 100.000 habitantes) e a proporción de suicidio é maior nos países con ingresos altos (1,7%) (ilustración 4).


Ao considerar a idade, as taxas de suicidio son máis altas tanto en homes como en mulleres entre as persoas de maior idade. Entre os mozos de 15 a 29 anos de idade, o suicidio representa o 8,5% das mortes a nivel mundial, sendo a segunda causa de morte despois dos accidentes de tráfico⁹.

Ilustración 4. Taxa de suicidio normalizado segundo idade por 100.000 habitantes, ambos os sexos.



Fonte: OMS, 2017.

Ilustración 5. Taxa de suicidio estandarizadas por idade en mulleres por 100.000 habitantes, 2015.




Fonte: OMS, 2017.

Respecto dos métodos, nos países de ingresos altos o aforcamento é o método utilizado no 50% dos suicidios e as armas de fogo son o segundo método máis frecuente, xa que se utiliza no 18% dos suicidios. Este último úsase principalmente nos EE.UU.

Noutros países de ingresos altos, as armas de fogo son só utilizadas no 4,5% dos suicidios⁹.

Ao considerar o suicidio nos países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), este constitúe unha causa significativa de morte en moitos países membros. En 2015, rexistráronse valores máximos en países como Lituania, Corea do Sur, Rusia, Hungría e Xapón, con 18 mortes ou máis por cada 100.000 habitantes. Pola contra, os valores mínimos rexistráronse en Grecia, Italia, España e Reino Unido, con taxas de 7 mortes ou menos por cada 100.000 habitantes (gráfico 1).

Gráfico 1. Taxas de suicidios por 100.000 habitantes nalgúns países da OCDE.



Fonte: OCDE, 2015³².


Desde 1980, a taxa de suicidio descendeu notablemente (descensos do 40%) en países da OCDE como Dinamarca, Alemaña e Suíza. En contraste, estas taxas en España mantéñense constantes, aínda que en niveis relativamente baixos³³.

Ao analizar só os países da Unión Europea, o suicidio é considerado un dos maiores problemas de saúde pública, e estímase que a media da taxa de prevalencia é aproximadamente un 13.9 por

100.000 habitantes¹¹. En xeral, os países do sur, como Italia, Grecia, Chipre e España, mostran as taxas máis baixas (ilustración 5)³⁴.

Aínda que as taxas de suicidio son maiores en idades máis adultas, o suicidio converteuse na principal causa de morte entre os mozos europeos. España está por baixo da media europea en suicidios en mozos (que se sitúa en 4,5), e rexistrou en 2013 unha taxa de 2,5 por 100.000 habitantes³⁴.

Ilustración 6. Taxas de suicidios por 100.000 habitantes en Europa, ano 2013.



Fonte: Eurostat, 2013³⁴.

Neste contexto elabórase o “Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo”, onde se describen e sistematizan as actuacións preventivas do profesorado para favorecer unha escola inclusiva e saudable, avaliando os factores protectores e de risco do alumnado; a intervención do departamento de orientación ante situacións de risco, coa realización da avaliación psicopedagóxica e coordinación cos servizos sociosanitarios e, de consideralo necesario, a colaboración do Equipo de Orientación Específico de ámbito provincial.

Deséñanse as estratexias de prevención en todos os ámbitos (alumnado, familia, profesorado, equipo directivo, administración educativa), descríbese o proceso de intervención ante as situacións de risco e o intento autolítico, así como a elaboración do proceso de dolo nos centros educativos en caso de suicidio consumado (posvención).

Este protocolo inclúe tres modelos de intercambio de información e colaboración entre os servizos educativos e sociosanitarios, sempre co consentimento da familia. O primeiro de derivación dos servizos educativos aos servizos sociosanitarios, o segundo de seguimento dos servizos educativos cos sistemas de saúde mental e servizos sociais e o terceiro de devolución da información dos servizos de saúde mental e servizos sociais aos servizos educativos.

3.3.10. Prevención do suicidio no ámbito penal

Dado que lle corresponde á institución penal “velar pola vida, a integridade e a saúde dos internos e internas” (artigo 3.4 da Lei orgánica xeral penal) a Administración penal española, desde hai anos vén desenvolvendo en todos os seus establecementos penais programas individualizados de detección e prevención da conduta suicida.

Os obxectivos de programa son:

- Aplicarlles sistematicamente pautas de intervención aos grupos de risco definidos.
- Evitar o desenlace negativo dos internos incluídos no protocolo de intervención.
- Determinar claramente o proceso e pautas de intervención por parte dos distintos profesionais de vixilancia, tratamento e sanidade.

3.3.11. Prevención do suicidio nos centros de menores

Os adolescentes internados en centros de menores (tanto de protección como de reeducación) teñen un risco de suicidio 4,6 veces maior que a dos seus pares na poboación xeral.

En Galicia os seguintes centros de reeducación constan de protocolos de prevención de suicidio:

Centro de Reeducación Avelino Montero (Pontevedra)

Consta de información sobre a conduta suicida, a identificación de menores en risco, a intervención e a prevención.

A inclusión no protocolo e a súa desactivación correspóndelle ao equipo educativo (educadores, psicólogo, director e subdirector). Descríbese o procedemento para seguir distinguindo entre risco medio e alto, e as actuacións concretas cos tempos dos educadores, o servizo de seguridade e os servizos. O protocolo consta de anexos onde se reflicten diagramas de actuación ante tentativas de distinta gravidade e ante un suicidio consumado. Especificanse tamén as escalas de valoración de risco suicida: Escala de desesperanza de Beck e Escala de intencionalidade suicida de Beck.

Centro de Reeducación Monteledo (Ourense) e Centro de Atención Específica de Montefiz

O seu protocolo consta de xustificación, obxectivos xerais e específicos, metodoloxía, intervención e avaliación. Todo o persoal do centro debe estar involucrado nas tarefas de detección de risco e no seguimento e deben informar a dirección do centro ou o equipo educativo para que poidan adoptar medidas provisionais previas á instauración do PPS (Programa Prevención de Suicidio), como designación de acompañante e comunicación ao persoal de especial observación. O equipo socioeducativo encárgase de aplicar as medidas definitivas do PPS, estas medidas distínguense se o risco é alto, baixo ou medio, fundamentalmente na frecuencia na que o menor é avaliado polo equipo sanitario (médico/psicólogo): unha vez á semana, dúas veces por semana, unha diaria, e a derivación a dispositivos especializados externos. O equipo sanitario é o que propón á dirección a baixa do PPS.

No protocolo especificanse aspectos da avaliación do risco, e detállanse escalas de valoración: Inventario de Beck (BDI), Escala de ideación suicida de Beck, SUPRE da OMS. E destaca a realización dos informes e o rexistro da documentación relacionada co PPS para a súa posterior avaliación. Consta tamén de bibliografía.

Centro C. Arenal (A Coruña) Fundación Camiña Social

No seu protocolo consta información sobre a conduta suicida e sobre os factores de risco específicos en menores ingresados nos centros, descríbese o fundamento legislativo no que se basea o protocolo e o esquema de intervención en caso de risco suicida con avaliación médica e psicolóxica antes de 24 horas e derivación a urxencias, se se require. Especificanse medidas preventivas xerais e especiais, estas últimas expoñen a derivación a centros especializados externos. Descríbese a avaliación do risco suicida e detállanse os seguintes instrumentos de medición: cuestionario de indicadores de risco (CIR), Escala de risco suicida de Plutchick, escala de desesperanza de Beck e escala de ideación suicida de Beck.

PARTE 4 LIÑAS ESTRATÉXICAS

4.1. Liñas e medidas

O Plan de prevención do suicidio en Galicia consta de 7 liñas estratéxicas permanentes pero revisables, nas que se articulan unha serie de medidas que abarcan a integridade da conduta suicida e dos axentes implicados nela. Estas medidas poden ir variando ao longo do tempo segundo se perciban as necesidades particulares de cada momento. Estas liñas son:

- **Liña estratéxica 1:** Coordinación Interinstitucional ante a conduta suicida.
- **Liña estratéxica 2:** Sensibilización, concienciación e diminución do estigma social asociado á conduta suicida.
- **Liña estratéxica 3:** Prevención e abordaxe da conduta suicida.
- **Liña estratéxica 4:** Limitación de acceso a medios letais.
- **Liña estratéxica 5:** Formación de profesionais en prevención e intervención da conduta suicida.
- **Liña estratéxica 6:** Posvención en sobreviventes.
- **Liña estratéxica 7:** Investigación e alerta epidemiolóxica sobre a conduta suicida.

Liña estratéxica 1: **COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL ANTE A CONDUCTA SUICIDA**

O problema da conduta suicida require para a súa correcta abordaxe a atención desde diversos ámbitos: sanitarios, sociais e educativos, entre outros. Polo tanto, é necesaria unha correcta colaboración e coordinación entre as distintas institucións implicadas.

Medida 1. Crear unha comisión interdepartamental que garanta a coordinación en materia de prevención da conduta suicida entre os diferentes sectores implicados.

O plan propón a creación dunha comisión interdepartamental que debe servir como órgano de coordinación das políticas e programas que se desenvolvan en Galicia en materia de prevención do suicidio e con representación das institucións implicadas. Entre as súas funcións estarán: servir de órgano de interlocución entre as administracións e as institucións en materia de prevención do suicidio, supervisar o desenvolvemento do Plan de prevención do suicidio de Galicia, elaborar propostas para a súa mellora e liderar iniciativas que sirvan para promover a prevención da conduta suicida en Galicia.

Medida 2. Elaborar protocolos e instrumentos de coordinación entre o sistema sanitario, o ámbito educativo, o ámbito social, a administración de xustiza, os medios de comunicación e las forzas e corpos de seguridade.

A resposta global e integral na prevención do suicidio require de actuacións coordinadas entre diversos sectores da sociedade. O desenvolvemento dos protocolos de coordinación debe servir como instrumentos e guía aos profesionais para abordar correctamente unha situación de risco de suicidio.

Medida 3. Difundir e formar na implantación do "Protocolo de prevención e intervención do risco suicida no ámbito educativo".

Este protocolo de prevención, detección e abordaxe do risco suicida no ámbito educativo, integrarase na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020 (Educonvives.gal), baixo o seguimento do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia. A súa implementación, obrigatoria para todos os centros da comunidade, facilitarase mediante

todas as accións informativas e formativas orientadas á difusión da estratexia, con especial incidencia naquelas persoas que levan a cabo funcións directivas e orientadoras, tanto en accións formativas específicas como noutras de carácter xeneralista nas que se inclúa como un módulo máis, en toda a rede de formación permanente do profesorado e con especial incidencia na formación en centros.

Medida 4. Mellorar e crear programas de detección e intervención do risco de suicidio no ámbito social (comunitario e especializado).

As taxas de suicidio aumentan coa idade, en Galicia en 2015 as taxas foron de 17,94 por 100.000 habitantes en persoas entre os 65 a 69 anos e aumentaron ata 27,44 por 100.000 habitantes en maiores de 79 anos (INE). Ao analizar as condutas suicidas en centros sociosanitarios, a maioría son realizadas por persoas cunha idade media de 75 anos, viúvas (44,9%) e con frecuencia soas (40,9%)⁹⁶. No 57,2% dos casos o método utilizado foi a sobredose con benzodiazepinas e hipnóticos e na gran maioría non houbo intentos previos

Liña estratéxica 2: SENSIBILIZACIÓN, CONCIENCIACIÓN E DIMINUCIÓN DO ESTIGMA SOCIAL ASOCIADO Á CONDUCTA SUICIDA.

Historicamente, as persoas que se suicidan son vistas de modo negativo, a conduta suicida tende a predispoñer á imputación de estigmas, que lles afectan non soamente ao suxeito, senón a todos os familiares⁹⁷. Tamén os estigmas poden contribuír negativamente á evolución da intervención terapéutica nos intentos de suicidio e isto podería asociarse directamente con novos intentos⁹⁸. De igual forma, os sentimentos de discriminación e marxinalización poden influír noutras comorbilidades, como a predisposición ao uso de substancias psicotrópicas, ou na dificultade de iniciar un proceso de busca de axuda⁹⁹.

Medida 5. Editar unha guía de estilo sobre conduta suicida para medios de comunicación.

As prácticas inapropiadas dos medios de difusión ao publicar, por exemplo, suicidios de celebridades, informar sobre métodos infrecuentes de suicidio ou referirse ao suicidio como unha resposta aceptable á crise ou á adversidade, poden chegar a exaltar o suicidio e aumentar o

(66,4%). A tentativa de suicidio é maior nas mulleres, pero o suicidio consumado é case o dobre en homes. A principal enfermidade asociada na depresión (43,7%). Por todo iso, os profesionais do ámbito social deben estar capacitados para realizar un labor de detección e intervención de casos de risco suicida.

Existe unha gran sensibilidade ante os suicidios producidos en centros de menores, levando unha alta repercusión mediática, a pesar disto non existen investigacións específicas neste ámbito. Con todo, si que se dispón de protocolos de prevención da conduta de suicidio en centros deste tipo nalgúns comunidades, coma a nosa.

A discapacidade física considérase como un factor de risco de suicidio, sobre todo si é adquirido como consecuencia dunha enfermidade grave ou crónica¹⁰⁰. A evidencia científica actual conclúe que a relación existente entre discapacidade física e conduta suicida precisa unha avaliación psicopatolóxica e recoméndase instaurar programas de prevención para os propios pacientes como tamén formación para os facultativos que os atenden.

risco de suicidio por imitación nas persoas vulnerables¹⁰⁰.

Con todo, o trato responsable da información sobre suicidios nos medios tamén demostrou unha redución nas taxas de suicidio. Ademais da formación dos seus profesionais, a distribución de guías rápidas de estilo mostrouse eficaz para mellorar o modo en que se informa sobre a conduta suicida. O desenvolvemento de guías de estilo axuda a diminuír as noticias sensacionalistas nos xornais¹⁰¹.

Ademais, nalgúns casos, despois da introdución destas guías, informouse dunha diminución no número de suicidios¹⁰². Os principais aspectos que se deberían abordar na guía de estilo son: evitar as descrições detalladas das condutas suicidas, evitar o sensacionalismo, utilizar unha linguaxe responsable, informar o público en xeral sobre o suicidio, os tratamentos e os recursos dispoñibles para quen necesite axuda⁵¹.

Medida 6. Realizar campañas de concienciación social sobre o problema da conduta suicida.

As campañas de concienciación pretenden reducir o estigma relacionado co suicidio, potenciar a procura de axuda e aumentar o acceso á atención. Este tipo de campañas principalmente demostran o seu efecto positivo no cambio de actitude sobre este tema na sociedade. As revisións das campañas realizadas demostran que estas melloran o coñecemento do público en xeral sobre o suicidio e contribúen moderadamente a unha mellor aceptación social das persoas con depresión e outras enfermidades mentais¹⁰³.

Medida 7. Conmemorar anualmente (10 de setembro) o Día Mundial para a prevención do suicidio.

O día mundial para a prevención do suicidio celébrase cada ano o día 10 de setembro. Este día foi designado pola Organización Mundial da Saúde (OMS) xunto coa Asociación Internacional para a Prevención do Suicidio (IASP) para dar a coñecer e promover medidas e accións para previr o suicidio. Como elemento identificativo creouse un símbolo que consiste nunha cinta de cor amarela en forma de lazo.

Durante este día deberían promoverse eventos en recordo das persoas que morreron por suicidio, á vez que debería servir como evento divulgativo e de concienciación dos grandes avances e estudos relacionados con este tema.

Medida 8. Promover a divulgación e sensibilización sobre a conduta suicida e a forma de identificar e intervir sobre ela na web e redes sociais institucionais do Sergas/Consellería de Sanidade e doutras institucións e organizacións.

O desenvolvemento dunha páxina web promove os comportamentos de procura de axuda. Ademais, este tipo de páxinas demostrou ser unha ferramenta eficaz e servir como paso previo nas persoas con ideación suicida para posteriormente acceder aos servizos de saúde mental^{104,105}.

O carácter anónimo da comunicación e a facilidade de acceso a internet parece favorecer, nun principio, o contacto con grupos de alto risco e rompe as barreiras (principalmente relacionadas co estigma) para acceder posteriormente aos servizos profesionais¹⁰⁶.

Á hora de desenvolver a web debería ter en conta: a calidade da información incluída que debería estar baseada na evidencia e estar adaptada claramente diferenciando os grupos aos que irá dirixida¹⁰⁷. Así mesmo, débese valorar o enfoque preventivo, se se dirixe a un individuo ou á formación dun grupo de apoio. Definir os medios de contacto (a través de correo electrónico, chat, foro en liña etc.). Aínda que o uso de chat e/ou foros debería estar supervisado por persoas capacitadas¹⁰⁸, pola contra demostraron ser prexudiciais¹⁰⁹.

Medida 9. Supervisar e alertar sobre contidos prosuicidas en webs, blogs e foros.

Unha inmensa cantidade de información sobre o tema do suicidio está dispoñible na internet e a través das redes sociais. Ao facer unha busca por un motor da internet, nas primeiras páxinas adóitase atopar información xeral sobre o suicidio (31%), prevención (29%) e información prosuicidas (11%)¹¹⁰.

Existe unha evidencia crecente de que as redes sociais poden influír nos comportamentos prosuicidas. A aparición de novos medios e formas que alentan os comportamentos suicidas pode chegar a ser un risco potencial para moitas persoas vulnerables¹¹¹.

Unha forma de previr a conduta suicida orixinada neste medio é mediante a supervisión das entidades e persoas con responsabilidade na produción, almacenamento e distribución de contidos, asegurando que non se aloxe nin difunda contidos prosuicidas, trasladando aqueles casos que puidesen ser constitutivos de delito ou nos que houbera dúbidas aos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Liña estratéxica 3: **PREVENCIÓN E ABORDAXE DA CONDUTA SUICIDA**

Medida 10. Introducir no sistema de información sanitaria un código de identificación de pacientes en risco de suicidio.

Un dos maiores problemas á hora de identificar un paciente en risco suicida é a inexistencia de códigos diagnósticos específicos para a conduta suicida. Desta maneira, pacientes atendidos en urxencias son dados de alta con diagnósticos diferentes que non permiten a correcta filiación do paciente, nin o seu adecuado seguimento no resto de ámbitos de asistencia sanitaria. Faise, polo tanto, necesaria a implantación dun tipo de código, que pode ser complementario a outros, que permita asociar o acto sanitario coa conduta suicida dentro do sistema de información sanitaria. Este código deberase acordar entre os expertos e a administración sanitaria e servirá de base para a identificación, control e seguimento posterior do paciente ao que estea asociado.

Medida 11. Establecer un código de activación que inicie o proceso asistencial do paciente con risco de suicidio.

Independentemente da existencia dun código asociado á presenza de conduta suicida nun paciente, os distintos procesos de actuación ante a conduta suicida poderán ser activados a través dun sistema de identificación. Nestes procesos definirase a forma e os profesionais responsables da súa activación, seguimento e, se é o caso, a desactivación. Este sistema de identificación será integrado tamén nos sistemas de información sanitaria.

Medida 12. Asegurar unha resposta rápida e eficaz para a atención de pacientes con risco de suicidio en saúde mental.

Unha das claves para a adecuada abordaxe da conduta suicida é proporcionar unha resposta rápida e eficaz por parte dos seus servizos sanitarios, para tal fin, hai que identificar o tempo de resposta máximo nas derivacións entre os distintos niveis asistenciais. Máis concretamente o tempo de derivación entre:

- Atención primaria e saúde mental,
- Urxencias e saúde mental,
- Alta na unidade de hospitalización e saúde mental.

Os tempos de resposta deben ser significativamente menores en caso de nenos e adolescentes.

Medida 13. Avaliar de forma sistemática o risco de suicidio na poboación de risco, en atención primaria, servizos hospitalarios e en saúde mental.

Se existe un ámbito asistencial clave na detección e abordaxe precoz da conduta suicida, é o de atención primaria. A presenza da conduta suicida neste nivel de atención é moito máis alta do que puidese parecer. De feito, estas persoas realizan o triplo de visitas a estes servizos que a poboación xeral. Dependendo do método de avaliación utilizado, as taxas de ideación suicida mostráronse maiores, por exemplo, en adultos maiores en centros de atención primaria, con estimacións que van desde o 1% ao 10%, comparado coa poboación xeral¹¹². Arredor do 75% das persoas que consuman o suicidio contactaron cos servizos de atención primaria no ano previo á súa morte (hai estudos que rexistran mesmo o 100% se a paciente é muller), o 45% no último mes e ata o 18% o mesmo día¹¹³.

A entrevista clínica é o instrumento esencial na valoración de risco de suicidio, con todo o uso de instrumentos psicométricos demostrou ser útil para aumentar a exhaustividade clínica e mellorar a forma na que se documenta a información.

Existen diferentes instrumentos de avaliación recomendados para cada nivel asistencial. Entre eles destácanse:

- Atención primaria:
 - Escala SAD PERSONS, Escala IS PATH WARM, escala MINI.
- Urxencias:
 - Cuestionario de Risco de Suicidio de Horowitz (RSQ).
- Saúde mental:
 - Escala de Valoración da gravidade da conduta suicida de Columbia (C-SSRS).
 - Escala de Intencionalidade Suicida de Beck (SIS).
 - Escala de Ideación Suicida de Beck (SSI).

Para facilitar o seu uso e o seguimento da evolución deste risco, estas escalas poderán estar dispoñibles dentro do sistema de información sanitaria.

Estas escalas tamén permiten obter información para o seu uso investigador e epidemiolóxico.

Medida 14. Mellorar a detección precoz e a atención dos trastornos afectivos e os trastornos por consumo de alcohol.

A depresión maior é o trastorno mental que de forma máis común asóciase á conduta suicida, supoñendo un risco de suicidio 20 veces maior respecto de a poboación xeral¹⁰.

O abuso de alcohol exerce un papel moi significativo no risco suicidio xa que un de cada catro suicidios presenta abuso de alcohol. Non só é un factor de risco, senón tamén un precipitante, existindo unha asociación estatisticamente significativa coa conduta suicida¹⁰.

A colaboración entre atención primaria e saúde mental é fundamental para unha adecuada prestación sanitaria, as consultas conxuntas, os protocolos comúns, a creación de vías de comunicación efectivas, enriquecen e comprometen aos profesionais para unha mellora da atención á saúde mental, e en concreto aos pacientes con trastornos depresivos e risco de suicidio.

Medida 15. Elaborar e implantar guías de práctica clínica, protocolos de detección, abordaxe e derivación da conduta suicida en todos os ámbitos:

- Atención primaria.
- Urgencias extrahospitalarias.
- Urgencias hospitalarias.
- Unidades de hospitalización.
- Centros de saúde mental.
- Ámbito educativo
- Ámbito social (comunitario e especializado)

Os protocolos de atención proporcionan unha maior seguridade, continuidade, eficiencia e calidade na asistencia dos pacientes que presentan conduta suicida. Por iso, desenvolveranse procedementos e protocolos nos ámbitos de urgencias sanitarias, de atención primaria e de especializada, tanto de tipo ambulatorio como hospitalario. Estes protocolos estarán relacionados entre si e, nun ámbito máis interinstitucional, con outros procesos ou protocolos doutros ámbitos non sanitarios (ámbito social, educativo, forzas de seguridade etc.).

Medida 16. Garantir a continuidade asistencial dos pacientes con risco de suicidio.

A realización de intervencións breves post- alta, asegurar o contacto e a continuidade asistencial, é unha estratexia que demostrou un efecto estatisticamente significativo na redución da conduta suicida¹¹⁴.

O seguimento é especialmente importante xa que o 70% dos pacientes que realizaron un intento de suicidio nunca asisten á súa primeira cita ou manteñen o tratamento só algunhas sesións¹¹⁵. Aínda que o risco de suicidio é máis alto na primeira semana despois da alta de hospitalización do paciente. Este risco é 102 veces maior en homes e 246 veces maior nas mulleres, se compara coa poboación xeral¹¹⁶.

O seguimento pode implicar métodos como visitas a domicilio, cartas, chamadas telefónicas, correos electrónicos ou mensaxe de textos, deseñados para comprobar e avaliar o estado de benestar e o nivel de risco de persoas que recentemente levaron a cabo unha conduta suicida. Xeralmente, o seguimento realízase por medio de chamadas telefónicas e prodúcese entre 24 e 48 horas despois do primeiro contacto¹¹⁷.

Os estudos indican que o seguimento de pacientes dados de alta dun servizo de urgencias ou do ámbito hospitalario ten resultados positivos na prevención do suicidio. O uso de equipos anti crise 24 horas e programas de 7 días de seguimento mostran unha redución significativa dos intentos de suicidio nos 3 meses posteriores á alta do paciente hospitalizado¹¹⁸. O seguimento dos pacientes por teléfono dentro do primeiro mes da alta do servizo de urgencias reduce significativamente a probabilidade de que unha persoa volva a levar a cabo un intento de suicidio¹¹⁹. O seguimento telefónico podería considerarse unha estratexia útil para atrasar máis intentos de suicidio e na redución da taxa de reintentos no primeiro ano¹²⁰. Os pacientes que reciben seguimento teñen unha taxa de suicidio significativamente menor nos dous primeiros anos despois da alta¹²¹.

A través desta medida, inclúese o seguimento proactivo dos pacientes con risco suicida (tanto os dados de alta nos servizos de urgencia e nas unidades de hospitalización como o que deben acudir ás consultas de atención primaria e de saúde mental) por parte dos servizos sanitarios na forma establecida nos protocolos de actuación.

Medida 17. Mellorar a seguridade de pacientes hospitalizados con risco de suicidio.

Nas unidades de hospitalización prodúcese o 1% dos suicidios consumados. Este dato orienta á necesidade de realizar intervencións preventivas durante a hospitalización, e establecen medidas concretas descritas no protocolo de hospitalización de tipo estrutural, organizativas, de vixilancia e terapéuticas.

Dentro destas medidas preventivas débense incluír: a) a eliminación de obxectos potencialmente perigosos, onde é útil dispoñer dunha lista de verificación de obxectos (pode incluír cintos, medias, cordóns, bolsas, cables, medicamentos, obxectos punzantes ou cortantes, fármacos). É importante valorar a realización de rexistros periódicos das pertenzas dos pacientes (útiles de aseo, armarios etc.) e informar os familiares con instrucións específicas para evitar que se acceda a algún obxecto pola súa intermediación; b) restrinxir o acceso a espazos de risco mediante sistemas de bloqueo, logo da identificación e valoración dos riscos ambientais; c) establecer un nivel de vixilancia: as persoas con ideación, intención ou plans suicidas requiren unha vixilancia continuada, establecendo tempos e momentos, lugar e responsable da vixilancia; d) toma controlada de medicación: verificar a inxestión adecuada de medicamentos.

Medida 18. Implantar intervencións terapéuticas específicas, individuais e grupais, para pacientes con risco de suicidio.

A abordaxe psicoterapéutica en pacientes con risco suicida está recomendada na GPC do SNS¹⁰. En pacientes adultos recoméndanse sesións individuais e contémpanse as sesións grupais como complemento, en pacientes adolescentes a recomendación é de terapias en formato grupal e específicas (terapia dialéctico condutual en trastorno límite de personalidade e terapia cognitivo condutual en depresión maior) e en maiores de 60 anos recoméndase a terapia interpersonal.

Medida 19. Implantar o plan de seguridade como ferramenta de prevención da conduta suicida.

Un plan de seguridade é unha ferramenta moi útil para a prevención xa que pode ser utilizada polos pacientes no caso de que aparezan ideas

suicidas ou condutas suicidas no futuro¹²². O plan de seguridade, realizado entre o profesional e o paciente, debería incluír: a) recoñecemento de sinais de alerta, describindo os signos que preceden a un posible intento de suicidio, b) estratexias de afrontamento, onde se lles explica aos pacientes o que deben e poden facer para deter a ideación suicida, c) estratexias para a distracción e soporte, que enumera unha lista de posibles actividades que o paciente pode facer para suprimir as condutas suicidas, d) contactos sociais, que inclúe unha lista de contactos sociais (familiares e amigos) que poidan servir de soporte se a ideación suicida é moi forte para afrontala só, e) contactos profesionais, composta por unha lista de profesionais capacitados cos que pode contactar para solicitar axuda, f) limitación de medios, que aborda a forma de reducir a dispoñibilidade de medios letais.

Medida 20. Introducir as novas tecnoloxías (webs, apps e weblines) como instrumento na abordaxe da conduta suicida.

Na actualidade, as intervencións en prevención do suicidio e novas tecnoloxías están a realizarse en tres ámbitos¹²³: a) internet: esta ferramenta pode ser utilizada para identificar posibles persoas en risco de suicidio e axudar na redirección destas persoas a recursos de axuda (tradicionalis ou a programas en liña¹²⁴, b) aplicacións web (tanto guiadas e non guiadas) que se desenvolveron para proporcionar intervencións psicolóxicas e axudar a reducir a conduta e a ideación suicida. As intervencións guiadas implican a presenza dun terapeuta que axuda o usuario xa sexa a través de correo electrónico ou por teléfono. As intervencións non guiadas son programas de autoaxuda que son utilizados directamente polas persoas interesadas¹²⁵, e c) apps-redes sociais, que son utilizadas con persoas que se consideran no alto risco de suicidio e que son utilizadas para monitorizar unha persoa en tempo real¹²⁶.

Medida 21. Editar e divulgar guías de orientación para pacientes e achegados.

A edición e divulgación de documentos informativos e orientativos para pacientes e achegados busca sensibilizar acerca da transcendencia do suicidio e brinda información sobre cuestións acerca do suicidio, mitos e ideas erróneas, sinais de alerta e sucesos ou circunstancias que poderían precipitar a conduta suicida. Estas guías teñen como meta

favorecer a prevención do suicidio mediante a mellor comprensión da conduta suicida por parte das persoas que a padecen e os seus achegados.

Medida 22. Realizar guías de consulta rápida para profesionais.

A edición e divulgación de documentos con recomendacións baseadas na evidencia dispoñible son fundamentais para orientar a

toma de decisións dos profesionais, unificar os criterios de atención e diminuír a variación na práctica clínica.

As guías de consulta rápida, en especial, no ámbito de atención primaria, facilita a accesibilidade a estas recomendacións e a súa aplicación na práctica diaria.

Liña estratéxica 4: LIMITACIÓN DE ACCESO A MEDIOS LETAIS.

A limitación ou restrición do acceso a medios altamente letais, pode axudar a atrasar un intento de suicidio, principalmente nos períodos de alto risco de actuación. Igualmente, ao reducir o acceso a estes métodos, mesmo se prodúcese unha substitución por outro método menos letal, é probable que se incremente a porcentaxe de persoas que sobreviven a un intento de suicidio¹²⁷. A proporción de intentos con resultado de morte (cociente de letalidade) varía dramaticamente dependendo do método, desde un máximo de 85%-90% ao utilizar armas de fogo, a un mínimo de 1%-2% para os métodos máis comunmente utilizados (sobredoses de medicación e feridas cun obxecto cortante)¹²⁸.

Medida 23. Identificar os puntos negros arquitectónicos e xeográficos de suicidio e crear barreiras de acceso.

Saltar desde un lugar elevado é o segundo método máis utilizado en Galicia (50 mortes en 2014, INE). Aínda que as características arquitectónicas das cidades fan que haxa moitos sitios potenciais para saltar, existen certos lugares que tenden a gañar notoriedade como puntos negros de suicidio. A instalación de barreiras de acceso demostrou ser eficiente á hora de reducir as taxas de suicidio nestes puntos¹²⁹. Aínda que o número de incidentes nestes lugares non desaparece, as barreiras serven para gañar tempo de resposta e posible intervención¹³⁰. Por outra banda, pode haber un risco baixo de substitución, xa que moitas veces o intento de suicidio por este método, está relacionado co simbolismo asociado a un sitio específico¹³¹.

Esta medida persegue identificar estes puntos negros en Galicia e, en colaboración con deputacións e concellos, limitar o acceso ao seu uso como medio de suicidio.

Medida 24. Aumentar o control de prescrición, dispensación, tomas e provisión de fármacos.

En Galicia o envelenamento por fármacos é a terceira causa de suicidios (24 suicidios en 2014, INE). A limitación do acceso a fármacos mostrou a súa eficacia á hora de diminuír o número de suicidios por este método. Os envelenamentos con fármacos convencionais (por exemplo, paracetamol e salicilatos) mostraron unha redución significativa nos países onde se limitaron os tamaños dos envases de medicamentos¹³².

Medida 25. Controlar o acceso a pesticidas e outros tóxicos letais.

O envelenamento con certos pesticidas de uso común é o medio máis habitual de suicidio en moitos países¹³³. Tres de cada catro persoas utilizan pesticidas dispoñibles no seu fogar¹³⁴. En Galicia é o sexto método máis utilizado (7 suicidios en 2014, INE). A limitación de acceso aos pesticidas aplicouse con éxito en varios países e xerou unha diminución no número de suicidios por este método despois de limitar a súa dispoñibilidade, con todo, observouse un aumento na taxa de suicidio por outros métodos¹³⁵. O uso de pesticidas debería estar regulado, por exemplo, controlando a cantidade de residuos permitidos nun cultivo dado.

Liña estratéxica 5: **FORMACIÓN DE PROFESIONAIS EN PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN DA CONDUTA SUICIDA.**

Promover a creación de programas integrais de formación de profesionais sanitarios e non sanitarios para proveelos de ferramentas que lles permitan identificar a poboación vulnerable e lles faciliten as intervencións que deben realizar, así como axudarlles a aumentar a confianza á hora de tomar decisións nunha situación de risco inminente.

Medida 26. Capacitar os profesionais sanitarios, sociais e educativos na detección, abordaxe e seguimento de persoas en risco de suicidio.

Diversos estudos demostraron que a formación dos profesionais mellora a adherencia dos profesionais aos protocolos e guías específicos sobre suicidio, axudan a clarificar o rol do profesional fronte á atención que require un paciente suicida e aumentan a confianza na toma de decisións¹³⁶. Os programas de formación e capacitación desenvolvidos ata a data buscan aumentar o coñecemento e recoñecemento dos sinais de alerta, mellorar a adherencia ao tratamento de prácticas e intervencións validadas¹³⁷ e cambiar as posibles actitudes negativas dos profesionais cara ao suicidio¹³⁸.

Medida 27. Capacitar os profesionais das forzas e corpos de seguridade e de primeira intervención en manexo de risco de suicidio e primeiros auxilios psicolóxicos.

Os axentes de policía local e nacional, bombeiros e outro persoal de primeira liña de intervención son os primeiros en responder ante unha emerxencia por risco de suicidio, polo que as súas habilidades e capacidades son fundamentais para determinar o curso e resultado destas situacións⁵⁷. É necesario, polo tanto, capacitar estes profesionais en diferentes tarefas e crear estratexias e protocolos para o manexo de situacións de risco⁴⁸. Esta capacitación debería estar orientada ao coñecemento das posibles canles de actuación e derivación, eliminación ao acceso a medios letais e recoñecemento de sinais de alerta en situacións que poden derivar nun potencial suicidio¹⁰.

Medida 28. Impartir talleres para medios de comunicación sobre o tratamento informativo da conduta suicida.

O modo de informar sobre o suicidio pode ter unha influencia directa na percepción cara ao suicidio e aos problemas de saúde mental relacionados^{51,139}. O impacto do tratamento informativo nas condutas suicidas é especialmente alto cando se fai unha narración detallada dos feitos (especificase o método de suicidio e a forma de acceder ao método letal), e é aínda máis directo e significativo cando se publican detalles do suicidio (por exemplo, fotografías, titulares sensacionalistas e se informa repetidamente do suceso)¹⁴⁰. Pola contra, a información sobre o suicidio axuda na prevención cando se cumpre as seguintes características: presentar o suicidio como un feito e non como un logro, resaltar as alternativas ao suicidio, proporcionar información sobre as liñas de axuda ou aportar información sobre factores de risco e sinais de alarma.

Medida 29. Capacitar outros axentes sociais (asociacións, empresas, sindicatos e outros) na identificación de factores de risco, precipitantes e sinais de alerta de risco de suicidio.

Os programas integrais de prevención do suicidio adaptados á cultura do ámbito laboral poden ser eficaces para mellorar as actitudes, coñecementos e comportamentos e poden reducir significativamente as taxas de suicidio¹⁴¹. Existen moitos factores de risco de suicidio que se producen no ámbito do traballo, aínda que na comunidade se descoñecen datos fiables (en EEUU, por exemplo, entre 2003 e 2010 rexistráronse un total de 1719 suicidios no lugar de traballo)¹⁴².

A OMS recomenda que a formación de axentes clave debería estar dirixida a aumentar as habilidades de comunicación sobre cuestións relativas ao suicidio, mellorar a capacidade para identificar síntomas depresivos e conduta suicida e aumentar o coñecemento sobre os recursos dispoñibles⁵².

Liña estratéxica 6: POSVENCIÓN EN SOBREVIVENTES

O falecemento por mor dun suicidio supón unha situación de grande impacto vital nos seus familiares e achegados. O dó tras unha situación de suicidio pode chegar a ser máis complicado debido aos estigmas e implicacións emocionais que poden derivarse (sentimentos de culpa, procura de explicacións etc.)¹⁴⁰. Estas posibles características confiren un maior risco de aparición de trastornos como a depresión, trastorno por tensión postraumática e un posible risco de suicidio de entre dúas e dez veces maior comparado coa poboación xeral^{143,144}.

Medida 30. Fomentar o asociacionismo e a axuda mutua entre sobreviventes ao suicidio.

O asociacionismo e o apoio mutuo entre iguais é moi útil como vía de intercambio de experiencias, consellos, creación de relacións e desenvolvemento de estratexias que axudan a validar as reaccións e emocións entre sobreviventes. Fundaméntase nun sistema de dar e recibir axuda baseada nos principios fundamentais de respecto, responsabilidade compartida e acordo mutuo^{145,146}.

Estas intervencións son un compoñente importante do sistema de soporte. Varios estudos sinalan que axudan a reducir o illamento, provén unha maior sensación de aceptación, favorecen a normalización das experiencias e permiten unha mellor racionalización destas^{147,148}. Os grupos de autoaxuda mostraron ser moi beneficiosos en casos de dó complicado^{143,149}. En moitos casos, os sobreviventes tras a participación nestas intervencións foron capaces de desenvolver novos comportamentos máis positivos, o que contribuíu a previr estes dós complicados¹⁵⁰.

A través desta medida preténdese promover e facilitar a formación de grupos de sobreviventes e fomentar a súa actividade como recurso de axuda mutua.

Medida 31. Proporcionar atención específica para sobreviventes.

O dó complicado descríbese como aquel que está marcado pola angustia persistente, deterioración no funcionamento diario e unha incapacidade para renovar o funcionamento cotián¹⁵¹.

Algúns estudos suxiren que entre un 10% a un 20% dos sobreviventes poden chegar a desenvolver un dó complicado¹⁵².

A pesar de que non existe un gran número de estudos¹⁵³, os resultados coinciden en que o papel da farmacoterapia e a psicoterapia son fundamentais naqueles casos que mostran alto risco de problemas de saúde mental. Por iso, é conveniente dispoñer dunha atención específica a este grupo de risco a través de intervencións preventivas e terapéuticas.

Medida 32. Implantar técnicas de briefing e debriefing entre profesionais.

As reaccións dos profesionais sobreviventes ao suicidio de pacientes inclúen unha ampla gama de emocións como: culpa, tristeza, depresión, desmoralización, ira, shock, negación, dor e nalgúns casos poden derivar en inseguridade profesional^{154,155}.

Algúns estudos sinalaron a importancia de proporcionarlles aos profesionais ferramentas ou técnicas para reducir o impacto persoal e profesional dun suicidio¹⁵⁶. Algunhas experiencias sinalan a eficacia das técnicas de *defriefing* para diminuír os efectos e emocións negativas, nalgúns casos axudan a que estes sexan procesados máis rapidamente¹⁵⁷.

Os equipos de xestión de incidentes críticos (Critical Incident Stress Management “CISM”) utilizáronse como equipos de soporte e atención tras un evento crítico. Estes grupos utilizan técnicas de intervención psicolóxica onde se axuda os profesionais nun “peche psicolóxico” despois dun evento traumático e, se é necesario, facilítase a referencia a un profesional especializado¹⁵⁸.

Liña estratéxica 7: INVESTIGACIÓN E ALERTA EPIDEMIOLÓXICA SOBRE A CONDUCTA SUICIDA

A investigación e alerta epidemiolóxica supoñen unha ferramenta importante na prevención do suicidio, xa que non só permiten a recollida de datos, análises e avaliación destes, senón que, pola súa vez, axudan a tomar decisións baseadas na

evidencia que logo poden ser implantadas e executadas nos diversos programas de prevención da conduta suicida.

Medida 33. Rexistrar e analizar os intentos suicidas nos servizos sanitarios.

O intento de suicidio é unha das principais causas de demanda de atención nos servizos de atención psiquiátrica. Os intentos de suicidio rexistrados nos hospitais estímase en 11 altas por 100.000 habitantes e presentan unha elevada variabilidade entre as comunidades autónomas². Estudos de poboación xeral en España cifran unha prevalencia de 1,5% de tentativas de suicidio, máis frecuentes en mulleres novas e con nivel educativo baixo¹⁵⁹. As cifras actualmente rexistradas nos servizos sanitarios inducen a pensar nun “infra rexistro” nas historias clínicas e/ou “infra codificación” destes, e a posible presenza de diferentes criterios á hora do seu rexistro e codificación¹⁶⁰. É fundamental establecer criterios de codificación e rexistro homoxéneos en toda a comunidade que garantan unha correcta identificación e contabilización dos casos para a súa posterior análise e prevención.

Medida 34. Mellorar os procedementos de tramitación estatística das defuncións por suicidio en Galicia.

Actualmente o rexistro das mortes por suicidio non está libre de problemas metodolóxicos^{12,42}. O proceso administrativo de adscrición dunha defunción xudicial a unha causa ou a outra é complexo e implica a varias administracións. A mellora deste proceso leva unha información máis exacta do número de suicidios en Galicia.

Medida 35. Fomentar a realización de autopsias psicolóxicas.

A autopsia psicolóxica é considerada como o método máis directo para estudar a relación entre os diversos factores explicativos e o suicidio consumado¹⁶¹. Con todo, á hora de levala a cabo é importante evitar as desviacións na recollida e análise da información.

Revisións recentes sinalan que este método debería ser realizado mediante varias entrevistas cualitativas a un gran número de sobreviventes relacionados coa persoa que se suicidou, permitíndolles a cada un deles contar a súa versión¹⁶². Esta información recollida debería posteriormente ser analizada sistematicamente en termos da relación entre o informante e o falecido (non só considerando o parentesco). Desta forma, preténdese alcanzar unha comprensión xeral do suicidio e especificamente analizando os contextos

particulares de cada persoa que se suicidou, e contribuír así a identificar elementos comúns que na práctica poidan ser usados na prevención do suicidio.

Con todo, a realización de autopsias psicolóxicas non é práctica habitual ao producirse un suicidio. A información que estas autopsias proporcionan é de gran valor para comprender o acto por parte dos seus sobreviventes e para previr outros suicidios en Galicia.

Medida 36. Crear o Observatorio Galego do Suicidio, que analice e difunda a información sobre conduta suicida e as boas prácticas sobre prevención e abordaxe.

O Observatorio Galego do Suicidio quérese crear co obxectivo de potenciar a investigación e a prevención da conduta suicida en Galicia. A través del, preténdese garantir a promoción, produción e divulgación da investigación e do coñecemento científico xerado nesta materia. Ademais, servirá de soporte para a planificación de novas accións de investigación e a actualización dos coñecementos e capacidades dos profesionais.

Medida 37. Priorizar a investigación na conduta suicida nos programas e convocatorias de investigación institucionais.

Como unha forma para impulsar e apoiar proxectos de investigación en Galicia sobre a conduta suicida, priorizarase a inclusión de liñas de investigación en suicidio nas convocatorias autonómicas. Segundo as recomendacións da GPC de Prevención e Tratamento da Conduta Suicida no SNS¹⁰ entre as liñas de investigación prioritarias destacan:

- Analizar a epidemioloxía dos intentos de suicidio en Galicia
- Mellorar a recollida de datos dos suicidios consumados.
- Identificar grupos de especial risco de suicidio para mellorar a identificación e orientación das intervencións preventivas nestes grupos.
- Valorar a efectividade dos factores de protección específicos en relación coa conduta suicida.
- Valorar a validez predictiva das escalas de avaliación do risco suicida.
- Adaptación e validación ao contexto da comunidade de escalas que demostrasen adecuadas propiedades psicométricas para a valoración do risco suicida.

Ilustración 7. Liñas estratéxicas e medidas de actuación.

LIÑAS ESTRATÉXICAS E MEDIDAS DE ACTUACIÓN



4.2. Indicadores

Liña estratéxica 1: COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL ANTE A CONDUTA SUICIDA

Medidas	Indicadores
1. Crear unha comisión interdepartamental que garanta a coordinación en materia de prevención da conduta suicida entre os diferentes sectores implicados.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación da comisión interdepartamental. • % de cumprimento das reunións realizadas sobre as establecidas na orde de creación da comisión.
2. Elaborar protocolos e instrumentos de coordinación entre o sistema sanitario, o ámbito educativo, o ámbito social, a administración de xustiza, os medios de comunicación e as forzas e corpos de seguridade.	<ul style="list-style-type: none"> • Creación de instrumentos de coordinación entre o sistema sanitario, o ámbito educativo, o ámbito social, a administración de xustiza, os medios de comunicación e as forzas e corpos de seguridade. • % de centros e servizos sanitarios, sociais e educativos adheridos aos protocolos de derivación de persoas en risco de suicidio.
